



GRUPO PROVINCIAL
G-32014003
xosebaltar@bng.gal

Bernardo Varela López, portavoz do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta a seguinte **MOCIÓN SOBRE EXPANSIÓN DESCONTROLADA DE PARQUES EÓLICOS.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza asiste nestes momentos a un *boom* eólico desenvolvido sen unha adecuada planificación e vixilancia pública, baixo unha arquitectura legal obsoleta e sen garantías para a participación social e a salvagarda do patrimonio natural. Hai un evidente abandono de funcións por parte da Xunta de Galiza, que furta un debate arredor de cal debe ser o novo modelo enerxético galego para a descarbonización ao tempo que impulsa mudanzas lexislativas para reducir garantías á sociedade e aos concellos galegos e abrir a porta a grandes multinacionais sen retorno socioeconómico e sen unha mínima protección dos valores naturais. Ao mesmo tempo, asistimos por primeira vez na historia ao avance de proxectos de parques de máis de 50MW, que dependen do goberno central.

Despois dunha década de parálise, asistimos a unha expansión sen precedentes. Desde a entrada de Núñez Feijoo no ano 2009 ata o ano 2018 non se instalaran en Galiza nin 300MW. No 2019, nun só ano, puxéronse en marcha 19 parques e 400MW instalados máis, un número maior aos instalados na década anterior. Este desenvolvemento, que podería parecer positivo, estase a dar de forma abrupta, sen planificación e sen consenso coa sociedade dos lugares afectados, e en moitos casos a través dunha fraudulenta fragmentación dos proxectos en proxectos máis pequenos para ocultar o seu verdadeiro impacto. Recentes sentenzas xudiciais como a de Sasdónigas ou da Serra do Iribio dan conta desta situación sinalan tamén o papel da administración galega á hora de rebaixar garantías ambientais e desprotexer espazos singulares, converténdose en parte activa dos problemas que se están a dar.

Entón este boom de parques eólicos non se está a levar a cabo tendo en conta as necesidades do país, os intereses das comunidades locais, a protección do territorio e o medio e a compatibilidade con actividades socioeconómicas propias da contorna. Pola contra, prevalecen os intereses de grandes grupos económicos de capital foráneo que teñen unha visión puramente depredadora e extractivista dos recursos endóxeos, do mesmo xeito que ocorre con outros sectores estratéxicos como o forestal ou o mineiro.

Tal é como están concibidos e dimensionados os parques eólicos, primando a máxima produtividade e beneficio para as empresas promotoras, a maior parte de capital foráneo, incluso de capital estatal estranxeiro (resulta que o que non pode facerse con capital público galego, si pode facerse con fondos públicos noruegueses ou italianos), dan como resultado efectos no territorio que acostuman a ser devastadores: máis alá da ilusión das escasas rendas que producen, a realidade é que xeran moi poucos postos de traballo e deixan detrás unha pegada de desertización e despoboamento, como demostran os datos das zonas de máis desenvolvemento eólico do país: a Costa da Morte ou as serras do norte da provincia de Lugo. Onde logo de 30 anos da implantación dos aerogeradores os datos de despoboamento seguen a medrar.

Por por uns exemplos, o 07 de xaneiro de 2021, e ata o 18 de febreiro, iniciábase a través do soporte dixital do MITECO o prazo de consultas a diferentes entidades do Documento Inicial do Parque eólico Rebordecho, cun total de 154MW e que implicaba aos seguintes concellos: Nogueira de Ramuín, Xunqueira de Espadanedo, Montederramo, Maceda, Vilar de Barrio, Laza, Castrelo do Val, Verín, Monterrei e Cualedro, todos eles pertencentes ao que administrativamente se coñece como provincia de Ourense. Cun día de diferenza, o 8 de xaneiro de 2021, e até o 19 de febreiro, iniciábase a través do soporte dixital do MITECO o prazo de consultas a diferentes entidades do Documento Inicial do Parque eólico de Barxas, de 121 MW e que implica a municipios do Bierzo e de Galiza, tanto na zona de Lugo como de Ourense. Estamos a falar neste caso dos municipios de Barxas, Oencia, Trabadelo e Veiga de Valcarce (pertencentes a León) e O Barco de Valdeorras, Petín e Vilamartín de Valdeorras (pertencentes a Ourense), e polos axentes consultados ao fío deste Documento inicial sabemos que atinxe tamén a diversos municipios de Lugo Sul (Pedrafita, Quiroga, Folgoso do Caurel, Ribas de Sil, As Nogais) e en Ourense tamén a Larouco, San Xoán de Río e Trives.

Doce días despois de coñecerse estes dous proxectos xa citados, a través das mesmas canles e cun prazo de consulta até o día 3 de marzo de 2021, sae á luz o Proxecto do Parque eólico de Prada, cunha potencia prevista de 170,5 MW e que atinxe os municipios seguintes: A Pobra de Trives, A Veiga, Carballeda de Valdeorras, Larouco, O Barco de Valdeorras, Petín, San Xoán de Río (Ourense) e Quiroga (Lugo). Malia o intento da empresa de proceder á fragmentación en tres proxectos, é evidente pola súa dimensión e pola afectación no territorio de que se trata dun mesmo proxecto que une os tres megaparcques nun só.

Este proxecto colide con importantes áreas de protección como a Rede Natura ou Zonas de Especial Conservación, afecta aos recursos hídricos e a importantes zonas que xa foron danadas polos lumes. Sen dúbida este macroproxecto ten un impacto xeral, sobre os ecosistemas do Macizo Central e das montañas de Trevinca, moi alto polos movementos de terra para a súa construción, polo impacto das construcións e polo impacto sonoro. Ademais, carecen de estudo algún respecto do impacto socioeconómico, máis alá de referir datos estatísticos, o que fai prever o seu reducido ou nulo beneficio nestes termos. Só para termos unha idea, dicir que con máis de 200 metros de altitude, se un dos muíños en concreto chegara a caer, as aspas quedarían dentro do espazos rede natura dos Ancares.

Tamén na serra do Suído, que abrangue as provincias de Ourense e Pontevedra xa Comisión Europea (EC, 2010) identificaba os impactos na fase de construción do parque eólico en canto á perda de superficie ocupada por hábitas de interese comunitario debido á apertura de viais, cimentación dos aerogeradores, instalación de liñas áreas e subterráneas, construción de centrais eléctricas e edificacións auxiliares, introdución de especies invasoras, etc. Tamén fai referencia aos impactos na fase de explotación, pola mortandade que causan os aerogeradores na avifauna e polo incremento do ruído.

No caso de humidais, a creación de pistas e drenaxes alteran a hidroloxía superficial. Os viais acostuman a converterse en receptores de augas de grandes superficie de terreo, que son transportadas a lugares afastados por medio das gavias.

Nos últimos meses, a Xunta de Galiza está a tramitar 16 parques eólicos na Serra do Suído, no Alto Tea e no Faro de Avión. O proceso de tramitación destes parques estase desenvolvendo con falta de transparencia e con graves limitacións ao dereito de información e participación pública, debido ás restricións derivadas da pandemia. Por outra parte, o proceso adoece de irregularidades en relación coa avaliación de impacto ambiental, xa que non se están considerando os impactos conxuntos de todas as infraestruturas e na práctica estase consumando unha fraude de lei ao fragmentar parques que comparten infraestruturas en unidades máis pequenas, un procedemento fraudulento que xa foi obxecto de sentenzas condenatorias polos tribunais de xustiza.

Ademais, na tramitación dos parques non se ten en conta o establecido na lei 5/2019 do patrimonio natural e a biodiversidade, que consolida a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, o principio de precaución a respecto das intervencións que poidan afectar negativamente ao patrimonio natural e a biodiversidade, e mais a prevención dos problemas derivados do cambio climático.

En relación con esta última cuestión cómpre avaliar a incidencia dos parques eólicos e das súas infraestruturas nos recursos hídricos, co obxecto de preservar a función do Suído como gran colector de auga que abastece as concas do Avia, Oitavén-Verdudo e Tea.

Por outra parte, o solo afectado polos proxectos sectoriais vai experimentar unha radical modificación na súa cualificación urbanística e o seu uso, xa que pasa a cualificarse como solo rústico de especial protección de infraestruturas. Na práctica supón abrir paso a un proceso de explotación industrial de espazos de grande interese ambiental, cultural e paisaxístico.

En relación coa afección á paisaxe, cómpre ter en conta que o Catálogo das Paisaxes de Galicia inclúe a Serra do Suído como Área de Especial Interese Paisaxístico (AEIP_08_15), polo que se deberá estar ao disposto na Lei 7/2008, de 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia, e nas Directrices da Paisaxe. Resulta evidente que a construción de até 16 parques eólicos e as súas correspondentes infraestruturas van ter un enorme impacto visual na paisaxe da serra.

Atendendo a moitas destas razóns, no ano 2008 paralizáronse proxectos de construción de parques eólicos como é o caso do PE Bidueiros, un antecedente que se debe ter en conta na tramitación dos actuais parques. Precisamente un dos que se están a tramitar na actualidade é o que foi denegado en 2008.

Desde o Bloque Nacionalista Galego observamos con gran preocupación estas situacións ou a da Comarca de Celanova onde o que semellaba ser un pequeno parque, ao afondar resultan ser 38 muíños con máis de 120 MW nun radio inferior a 5 km.

Esta situación xeralizada, en practicamente toda a provincia está a ser contestada xa, desde o ámbito asociativo e o municipal. Estamos a falar dunha implantación sen precedentes nunha expansión territorial descomunal e carente dunha planificación que poida ser acorde coas necesarias garantías ambientais e sociais, cun aspecto que semella en moitos casos un novo boom especulativo, dirixido agora ás enerxías renovábeis (xa están chamando as nosas portas os hortos fotovoltaicos). Consecuencia da falta de planificación é a proximidade e a interferencia

con zonas de alto valor natural, arqueolóxico, patrimonial, social e económico e mesmo con zonas con diversas categorías de protección.

Segundo os datos da Asociación Empresarial Eólica, hoxe Galiza conta con h 3.778 MW, cun total de 180 parques eólicos. Para o futuro de Galiza é clave apostar por fontes de xeración que reduzan a dependencia enerxética de combustíbeis fósiles e nese camiño o desenvolvemento eólico é clave. Porén, ao longo do territorio estanse detectando nos últimos anos importantes problemas de colisión entre os dereitos sociais e medioambientais e o lucro do sector. A falta de planificación e ordenación dos gobernos do Partido Popular e a relaxación dos trámites vinculados á actividade ten provocado situacións de desamparo e desigualdade de condicións. Así mesmo, a renuncia a unha política activa de participación pública en favor dun modelo fiscal que acaba repercutindo nas e nos consumidores, tense demostrado como fracasado. As leis aprobadas polo P.P. favorecen a expropiación con fins de explotación enerxética das terras, incluídos os Montes Veciñais en Man Común, reducindo claramente a capacidade de negociación dos lexítimos propietarios dos terreos. Que segundo os datos oficiais están a obtén entre o 1 e o 2,5% dos rendementos económicos. Imaxínanse esto cos propietarios dos térreos petrolíferos en Texas ou Noruega?

Cómpre insistir en que o impulso a estes macroproxectos enmárcase nun contexto de abuso de poder por parte das grandes multinacionais eléctricas fronte ás persoas propietarias, comunidades de montes e outras entidades, reducindo a capacidade de negociación. Así mesmo, este tipo de proxectos carecen de planificación algunha para impulsar a participación pública dos beneficios do sector nin para levar incorporados plans de desenvolvemento económico e industrial adecuados.

Desde o BNG apostamos de maneira decidida polas enerxías renovábeis como a eólica, se ben entendemos que a enerxía debe ser considerada un ben público galego, e os seus beneficios deben repercutir no conxuntos do país e nos territorios onde se xera, (ben sexa coa hidráulica, como vimos de apoiar por unanimidade do pleno o mes pasado, como na fotovoltaica e por su postos na eólica), para iso defendemos a participación pública galega na planificación e desenvolvemento do sector enerxético en xeral e do eólico en particular.

Entendemos que o feito de ser Galiza unha potencia produtora de enerxía eléctrica debe ter un retorno ao propio país a través dunha tarifa eléctrica propia que abarate o prezo da enerxía para todos os sectores económicos (tanto para a industria electrointensiva como para PEMES) e para o consumo domiciliario. Sobre todo nun contexto como o actual de suba especulativa dos prezos que ten efectos devastadores. Á par da tarifa eléctrica galega, o BNG defende o fomento de sistemas de autoabastecemento e autoconsumo no ámbito institucional, empresarial e doméstico, así como a promoción de sistemas distribuídos e de comunidades enerxéticas fronte aos sistemas de produción e distribución monopolistas.

Non se debe consentir que leis como a Lei de simplificación administrativa e reactiva con económica, a maiores de incidir na rebaixa e/ou desaparición de imposto municipais (si a Xunta o estima que reduza os seus), sirva de coartada para a redución dos prazo públicos de exposición dun mes a 15 días. Como si alguén se crera que esto ten a máis mínima incidencia temporal en proxectos que de todos é sabido levan anos ata a súa materialización, sen embargo si se coarta dun xeito extraordinario a posibilidade do escrutinio público destes proxectos.

Aínda estamos a tempo de frear esta xigantesca desfeita, que responde a intereses alleos e non ás necesidades dos concellos e da súa veciñanza. Calquera planificación do desenvolvemento de

enerxías renovábeis debe facerse contando coa participación dos concellos e a veciñanza, debe respectar os valores ambientais e culturais do territorio, debería ter como contrapartida o abaratamento do prezo da enerxía eléctrica e debería ter como principais beneficiarias as comunidades locais.

O obxectivo das Administracións Públicas debe ser un modelo económico e social que responda aos intereses colectivos, co fin de preservar os valores ambientais, culturais, sociais e de garantir o desenvolvemento sustentábel do territorio e da veciñanza.

ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galiza a desistir de impulsar cambios legislativos no sector eólico camuflados noutros proxectos de lei e impulsar un novo consenso para substituír a vixente lei de aproveitamento eólico e planificar o desenvolvemento da enerxía eólica da próxima década harmonizando os obxectivos e intereses económicos, enerxéticos, sociais e medioambientais, garantindo a transparencia, a avaliación ambiental por parte das administracións públicas e a limitación dos procesos expropiatorios ao mínimo. Para iso, aprobarase un novo Plan Sectorial Eólico cunha ampla participación dos axentes implicados e que preceptivamente inclúa un informe do Consello Económico e Social e un amplo proceso de exposición pública de cara a reunir o meirande consenso posíbel.
2. Respecto o punto anterior, no caso da Serra do Suído, petición a Xunta de Galiza da suspensión cautelar de todos os parques eólicos en proxecto ou en tramitación, co obxecto de evitar os graves impactos negativos na contorna e o risco de destrución irreversible de hábitats de interese prioritario da serra do Suído e do Alto Tea.
 - a. A apertura dun proceso de información e de participación que permita coñecer os proxectos de industrialización do monte que se están a tramitar e o seu impacto ambiental, social e urbanístico.
 - b. A declaración da serra do Suído como Lugar de Interese Comunitario (LIC) e integración na Rede Natura 2000, co obxecto de protexer e conservar especies e hábitats de interese comunitario e de interese prioritario, con especial atención a humidais e turbeiras.
 - c. Ampliación da Rede Natura 2000 Río Tea coa inclusión do Alto Tea (Val de Tielas)
 - d. A declaración como Reservas naturais fluviais das nacentes e das bacías dos ríos Avia, Tea, Oitavén e Verdugo, coa finalidade de garantir as súas funcións de preservación da biodiversidade, de conectores ecolóxicos entre zonas xeográficas e de subministradores de auga potábel.

- e. O inventario e catalogación de todo o patrimonio material e inmaterial do Suído, Alto Tea, Faro de Avión, Costas do Alén e A Paradanta, e desenvolvemento dun plan para a súa protección, conservación e divulgación.
3. Instar á Xunta de Galiza a reforzar o persoal e o papel da administración galega, nomeadamente ao abeiro do INEGA, de cara a promover unha oficina específica para o asesoramento técnico e administrativo necesario e atender as demandas de información pública que puideren existir así como a creación dun rexistro de información pública de contratos con información sobre os prezos pactados nos distintos parques.
4. Instar á Xunta de Galiza a vincular a estratexia eólica ao desenvolvemento económico de Galiza impulsando:
- a. a participación pública da Xunta de Galiza, dos concellos galegos e das e dos propietarios das terras dos beneficios do sector de forma que se garanta un meirande control e ao tempo unha fórmula de financiamento de proxectos de desenvolvemento rural e industrial.
 - b. un modelo de contrato tipo para particulares e comunidades de montes conforme propón o Observatorio Eólico Galego.
 - c. Plans de Desenvolvemento Industrial e Restauración Ambiental nas comarcas onde se localicen os novos parques.
 - d. Fomento de iniciativas como as comunidades enerxéticas, os parques enerxéticos comunitarios e o autoconsumo enerxético.
 - e. Programas de investigación e xeración de valor engadido en colaboración co tecido universitario e centros tecnolóxicos galego.
5. Instar á Xunta de Galiza a corrixir as deficiencias do canon eólico e do Fondo de Compensación ambiental, nomeadamente:
- a. o canon eólico deberá calcularse en función da potencia instalada, non do número de aeroxeradores
 - b. modificar o Fondo de Compensación Ambiental para garantir a transparencia e obxectividade da totalidade do recadado e que unha maior parte da recadación retorne aos concellos onde están instalados os parques en forma de investimentos en infraestruturas, servizos e proxectos ambientais.
6. Instar á Xunta de Galiza a incrementar a vixilancia sobre as garantías medioambientais desenvolvendo figuras de ordenación e protección do territorio, salvagardando espazos de alto interese ambiental: ampliación da Rede Natura (reinicio da ampliación da Rede Natura e paralización de proxectos que afecten tanto á ampliación proposta en 2008 como a iniciada en 2012), Estratexia de Infraestrutura Verde, Áreas de Interese Paisaxístico.

7. Instar ao goberno do Estado a corrección da Orde TED/1161/2020, do 4 de decembro, pola que se regula o primeiro mecanismo de poxa para o outorgamento do réxime económico de enerxías renovábeis e se establece o calendario indicativo para o período 2020-2025 de cara a incorporar criterios que non sexan exclusivamente económicos, senón tamén sociais e medioambientais, e incorporar, nesta ou nunha orde específica a acordar nas correspondentes Mesas de Transición, poxas específicas de renovábeis nas zonas afectadas polo peche de centrais térmicas (posibilidade que contempla o marco legal para unha transición xusta ao abeiro do Marco Estratéxico de Enerxía e Clima).
8. Instar ao goberno provincial a desenvolver cantas actuacións sexan precisas para a paralización de proxectos contrarios aos interese ambientais, económicos e sociais de Ourense e a desenvolver cantas actuacións sexan necesarias para favorecer a transparencia, a información e a capacidade de negociación das persoas propietarias e Comunidade de Montes. E entre outras actuacións:
 - a. Fomentar a figura dos parques eólicos comunitarios, que poidan ser promovidos por comunidades de montes, cooperativas, propietarios e pequenas empresas do rural. A administración deberá reservar unha parte dos novos megawattios para este tipo de parques.
 - b. Fomentar a figura dos parques eólicos municipais (nestes momentos hai 13 parques deste tipo, e hai outros 14 pendentes de execución). Teñen un máximo de 3 MW de potencia e xeran unha media de 36.000 euros por MW/ano. Deberíase incrementar o tope do máximo de 3MW.
 - c. Promover a obriga legal para que propietarios@s de terras próximas a un parque eólico teñan posibilidade de participar no capital das compañías, establecendo unha reserva de cota do 20% (asimilable o aprobado en Dinamarca en 2016).
 - d. Promover a modificación da normativa eólica no referente aos procesos expropiatorios, garantindo que a expropiación sexa unha opción extraordinaria e non un mecanismo ordinario.
 - e. Promover a mudanza na concepción do Fondo de Compensación Ambiental, para que unha maior parte da recadación retorne aos concellos onde están instalados os parques en forma de investimentos en infraestruturas, servizos e proxectos ambientais.

Ourense, 12 de marzo de 2021

Asdo: Bernardo Varela López
Voceiro do grupo provincial do BNG

A Sr. Presidente da Deputación Provincial de Ourense